

Convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Vigo para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá vixencia durante os anos 2020 e 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Vigo para para continuar desenvolvendo durante os anos 2020 e 2021 diversos proxectos de investigación que se están realizando no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e que se describen na estipulación segunda do citado convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

Que para potenciar o emprego do galego, segundo establecen os artigos 5.3 do Estatuto de autonomía para Galicia e 6.3 da Lei de normalización lingüística, cómpre dispor de estudos científicos sobre a lingua.

Que o artigo 14 do Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, atribúelle á Secretaría Xeral de Política Lingüística, entre outras, as funcións de promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes



manifestacións, especialmente no eido do léxico e da terminoloxía, así como, promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística.

Que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística-, ten como finalidade levar a cabo tarefas de estudo filolóxico e conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas que permitan unha investigación profunda da nosa historia lingüística e literaria, que ademais de garantir a utilidade da lingua galega na sociedade actual, sirvan, asemade, de soporte para outros investigadores.

Que as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como á hora de cumprir cos obxectivos previstos na lei 3/1983, de normalización lingüística, no Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades, públicas e privadas, entre elas, as universidades galegas.

Que a Consellería de Cultura e Turismo coa sinatura deste convenio desexa continuar colaborando en proxectos de investigación lingüística de acordo coas normas vixentes do idioma galego, para o que se levarán a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos sociais compartidos polas partes asinantes, para acadar a dinamización plena da lingua galega, neste caso, no ámbito universitario apoiando a realización de actuacións de investigación lingüística co fin de conseguir que sexa unha lingua viva que teña continuidade no tempo.

Que a imposibilidade de promover a concorrencia pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver pola citada universidade ao abeiro deste convenio, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na



consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e a cultura galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

